



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL
SAÍDA

007433 01.08.2015 09:22

Mediante o acordo de Consello de Goberno de 14 de maio de 2009, a Universidade aprobou a extinción dos plans de estudos regulados polo RD 1497/87 de acordo coa normativa aplicable, establecendo que *"as actuais titulacións reguladas consonte ao RD 1497/87, do 27 de novembro, extinguíranse curso a curso a partir do ano académico no que se implante a respectiva titulación de Grao."*

Así mesmo, no apartado cuarto do citado acordo estableceuse que *"Os estudantes matriculados en materias dos planos de estudo en extinción terán dereito a catro convocatorias de exame consecutivas (dúas por cada matrícula), contadas a partir da data de extinción oficial do curso correspondente, que coincidirá cos dous cursos consecutivos ao de implantación do novo plano de estudos, con independencia das convocatorias que o alumno tivese esgotado."*

No devandito acordo recóllese a previsión da Disposición Transitoria Segunda do RD 1393/2007, na redacción dada polo RD 861/2010, que sinala que *"Aos estudantes que tivesen iniciado estudos universitarios oficiais consonte a anteriores ordenacións, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas que iniciaron os seus estudos, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda deste real decreto, ata o 30 de setembro de 2015, no que quedarán definitivamente extinguidas. Ilo non obstante, as universidades, sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, garantirán a organización de polo menos catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes á citada data de extinción"*.

Entre as materias que conforman os plans de estudos conducentes ás titulacións da área de Ensinanzas Técnicas, encóntranse os denominados **Proxectos Fin de Carreira**, que teñen características singulares respecto das demais materias do plano de estudo. Segundo a normativa da USC e a dos propios programas de estudos, os Proxectos fin de carreira soamente se poden defender unha vez superadas todas as materias necesarias para obter o título, sen embargo, no Acordo de extinción dos planos de estudos, as materias de Proxecto Fin de Carreira extinguen o seu dereito a exame simultaneamente ao resto de materias do último curso, o que limita as posibilidades do alumnado de poder defendelo no mesmo ano académico no que superaron as materias da titulación.

Doutra banda, a USC ten regulado nas súas Normas de Xestión Académica a **Colación do grao de licenciado** mediante dúas modalidades: Exame e Memoria de Licenciatura (Traballo de investigación). Para a colación do grao os estudantes deben ser licenciados, se ben no caso do traballo de investigación corresponde aos centros que teñen aprobada a Colación do grao, permitir ao alumnado iniciar o traballo no último ano dos estudos de licenciatura.

Considerando estas dúas situacións nas que poden atoparse o alumnado de determinadas titulacións da USC: os que por unha parte deben presentar o proxecto fin de carreira despois de ter superadas o resto de materias da titulación, ou aqueloutros que opten á colación do grao, que tamén deben reunir os requisitos para licenciarse ou ser licenciados, estímase conveniente establecer un prazo especial para os estudantes que superen as materias dos planos de estudo no último ano académico no que estas teñen dereito a exame, permitiéndolles presentar no curso seguinte o Proxecto Fin de Carreira, ou presentarse á Colación do Grao por calquera das modalidades. Polo que ao abeiro do todo o anterior



RESOLVO:

PRIMEIRO.- O alumnado dos plans de estudos das titulacións da área de Ensinanzas Técnicas que superen todas as materias da titulación (excepto o PFC) dentro do período de extinción ordinario do plan de estudos, disporán dun curso académico máis con, polo menos, dúas convocatorias adicionais para presentar o Proxecto Fin de Carreira. O calendario co curso académico para as dúas convocatorias adicionais desenvolverase de acordo co indicado no **Anexo**.

SEGUNDO.- Aqueles estudantes da USC que finalicen os estudos das Licenciaturas que están a cursar no último ano do período de extinción ordinario do plan de estudos disporán dun ano académico máis, con polo menos dúas convocatorias adicionais para presentarse á Colación do Grao, por calquera das modalidades que teña aprobado o Centro. Non poderán acollerse á esta disposición os licenciados noutras universidades españolas ou os estudantes con títulos estranxeiros homologados.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2013

O REITOR,



Juan José Casares Long

Sr. Vicerreitor de Titulacións e PDI, Sra. Secretaria Xeral, Sr. Secretario Xeral Adxunto Sr. Director da Escola Politécnica Superior de Lugo, Sr. Director da ETSE, Sr. Decano da Fac. de Ciencias, Srs. Decanos/nas, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Xefe da Área TIC , Sra. Directora da Oficina de Información Universitaria, Sr. Xefe da UXA do Campus de Lugo, Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento.

ANEXO

Cód_plan	Denominación	Curso extinción plan	Convoc. Adicionais
870	Enxeñaría en Topografía (L)	2013-14	2014-15
921	Enxeñaría Química	2015-16	2016/2017
011	Enxeñaría Técnica Agrícola: especialidade en Explotacións Agropecuarias (L)	2013-14	2014-15
031	Enxeñaría Técnica Agrícola: especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias (L)	2013-14	2014-15
041	Enxeñaría Técnica Agrícola: especialidade en Mecanización e Construcións Rurais (L)	2013-14	2014-15
021	Enxeñaría Técnica Agrícola: especialidade en Xardinaría e Hortofruticultura (L)	2013-14	2014-15
850	Enxeñaría Técnica en Informática de sistemas	2012-13	2013-14
860	Enxeñaría Técnica en Obras Públicas: especialidade en Transportes e Servizos Urbanos (L)	2013-14	2014-15
781	Enxeñaría Técnica Forestal: especialidade en explotacións Forestais (L)	2013-14	2014-15
051	Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (L) (só 2º ciclo)	2015-16	2016/2017